

Expte: 2457-232
Rehirar: 07-05-2024

Sr. Alcalde Presidente do
Concello de Vigo

LEVANTAMENTO DE ACTAS PREVIAS Á OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS
EXPROPIADOS POLA EXECUCIÓN DO PROXECTO RECUAMENTO LMT
SDM704 E CS CAMIÑO DOS CARREIROS"

De acordo co establecido no artigo 52.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de
expropiación forzosa, achégolle o edicto polo que se convocan aos afectados pola
execución da instalación eléctrica denominada Recuamento LMT SDM704 e CS
Camiño dos Carreiros, para o levantamento das ACTAS PREVIAS Á OCUPACIÓN
o día **30 de agosto de 2024**, a partir das **12.30 horas** sobre o terreo.

O edicto deberá ser exposto ao público no taboleiro oficial de anuncios dese concello
durante un prazo de oito días, debendo certificarse as datas de comezo e remate
da exposición ao público, e achegar as alegacións que se produzan a este servizo
territorial de Vigo.

Segundo o disposto nos artigos 52 da Lei de expropiación forzosa e 57 do
regulamento de 26 de abril de 1957, as actas previas á ocupación levantarase
sobre o terreo, e deberá concorrer vostede como alcalde ou un concelleiro en quen
delegue mediante o correspondente decreto. Posteriormente redactarase a acta
definitiva na sala da casa do concello que vostede dispoña.

A xefa territorial
Beatriz López del Olmo
(Asinado en Vigo por sinatura dixital certificada na data que se indica na marxe)

CILIGENCIA: Para hacer constar que el presente
edicto estuvo expuesto en el Tablón oficial de
anuncios de este Ayuntamiento, durante el plazo
reglamentario.

Vigo, 07-05-2024
El Secretario General
P.A.
El Jefe del Registro General.

Jose Manuel González Ucha





Resolución da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación dos bens e dereitos afectados pola instalación eléctrica denominada Recuamento LMT SDM704 e CS Camiño dos Carreiros, no concello de Vigo, do que resulta como beneficiaria a empresa UFD Distribución Electricidad, S.A., (expediente IN407A 2022/305-4).

A instalación denominada Recuamento LMT SDM704 e CS Camiño dos Carreiros foi declarada de utilidade pública mediante resolución da Xefatura Territorial de Pontevedra do 1 de abril de 2024, o que leva implícita a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados, tendo a condición de beneficiaria a empresa UFD Distribución Electricidad, S.A..

Segundo o disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e no art. 56.1 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, comunícase que o día **30 de agosto de 2024**, a partir das **12.30** horas, terá lugar sobre o terreo o levantamento das ACTAS PREVIAS Á OCUPACIÓN dos bens e dereitos contidos na relación de predios que se expón xunto con esta resolución e no taboleiro de edictos do concello de Vigo.

Os interesados recibirán unha notificación individual coa debida antelación legal, na que se lle comunicará a data e a hora na que deberán presentarse nas súas fincas, informándolles de que poderán ir acompañados por un perito ou un notario, pola súa conta, se así o consideran conveniente.

A xefa territorial

Beatriz López del Olmo

(Asinado en Vigo por sinatura dixital certificada na data que se indica na marxe)

Recuamento LMT SDM704 e CS Camiño dos Carreiros

Nº	Referencia catastral	Paraxe	Titular	Nº apoio	m2 solo	ml sub	m2 subsolo
1	4044915NG2744S0001SD	Camiño Vello	General de Hormigones S.A.	1	1,21	3,06	9,08
2	54057A072004300000AR	Pousa	María Rosario Vila Fernández	CS	13,78	3	12,36

